

Lingua galega e literatura

Unidade 7. O galego na democracia



IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

A lingua galega no período democrático

Tras a morte de Franco, restáuranse as liberdades políticas:

- Constitución española, 1978. Recoñecemento da realidade plurinacional e plurilingüística do Estado.
- Estatuto de autonomía, 1981 ("lingua propia de Galiza").
- Lei de Normalización Lingüística, 1983. Neste mesmo ano aprobouse un estándar oficial para a nosa lingua.



A lingua galega no período democrático

Prodúcese, así, un progreso na **recuperación social e funcional** do galego:

- Os órganos de poder desenvolven a práctica pública en galego.
- O galego é introducido no sistema educativo.
- Apróbanse as NOMIG.
- CRTVG, 1985.
- Cinema, música, prensa...

A lingua galega no período democrático

Na actualidade, obsérvase un estancamento no **proceso de normalización** da nosa lingua.

-Como poderíamos reverter a situación?

-Coñeces algunha campaña que estea a funcionar na actualidade?

O galego hoxe

A pesar do marco legal que permite levar adiante a recuperación e normalización da lingua, esta non funciona sen o traballo conxunto destes tres sectores:

-Acción institucional: Administracións públicas de Galiza.

-Acción colectiva non institucional: Asociacións e colectivos.

-Acción individual



O galego hoxe

Das **linguas minorizadas** do Estado, o galego é a única que mantivo a **vixencia maioritaria** até hai uns 4 anos.

Mais está en **retroceso** entre as xeracións máis novas, nos ámbitos urbanos...

Para estruturar ben a análise da situación do galego dividiremos o estudo en funcións lingüísticas: **función de identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural e internacional.**

O galego hoxe. Función de identidade

Esta función materialízase no marco interno do individuo, a lingua sérvelle para artellar o seu pensamento, a súa identidade como individuo e como membro da súa comunidade.

Na última década, o galego deixa de ser a **lingua maioritaria** como **lingua inicial** entre as xeracións máis novas. **Proceso desgaleguizador.**

praza.gal

Accede Fa

As novas liñas de bus Pola sanidade pública Dereito á vivenda 8M 2024 Sector eólico Crise dos 'pellets' Máis



Datos As cifras do galego Acontece

O galego resiste como lingua maioritaria da metade da poboación

Miguel Pardo @depunteirolo
venres 27, setembro 2019



O galego hoxe. Función familiar

Esta función é a que a lingua desempeña no ámbito das relacións interpersoais máis elementais. E é a que axuda a formar a conduta lingüística das crianzas.

Existe unha diferenza importante en función da xeración familiar á que nos acheguemos: cos avós e pais (galego), co / coa cónxuxe (galego e castelán), cos fillos (castelán).

Todos estes datos deben ser matizados en función do hábitat ou da clase social da familia.



O galego hoxe. Función laboral

Esta función maniféstase nas relacións lingüísticas entre individuos no ámbito do traballo.

Debemos ter en conta o grao de familiaridade da comunicación, a localización, o sector... Hoxe en día o galego é a máis común na agricultura, a pesca ou a industria e minoritario no sector servizos.



O galego hoxe. Función local

Esta é a función que exerce calquera lingua como vehículo de comunicación entre persoas do mesmo contorno cotián.

Temos que ter en conta o tipo de hábitat, deste modo veremos como o galego está máis presente canto menor é o grao de urbanización.



O galego hoxe. Función institucional

Esta é a función que se manifesta nas relacións lingüísticas entre o individuo e os estamentos administrativos, sociais e económicos do pobo ao que pertence.

O galego é a lingua na que se desenvolven os nosos **órganos de goberno**, o que posúe un gran valor simbólico. Aínda que sabemos que a realidade nos devolve outra imaxe disto.

No **sistema educativo**, a presenza do galego medrou nos últimos anos entre os traballadores e traballadoras.

No **sistema de xustiza**, a presenza do galego é escasa.

Nos **medios**, o galego é a lingua da CRTVG, mais no resto é minoritario o uso do galego...

O galego hoxe. Función cultural

Esta é a función que se exerce cando expresamos conceptos e mensaxes da vida cultural.

O galego serviu sempre para a expresión oral da cultura popular. Canto á cultura formalizada (teatro, literatura, música...) acadou grandes logros en lingua galega.



O galego hoxe. Función internacional

Esta función habilita os individuos para a comunicación con outros de linguas orixinarias diferentes.

O inglés é a lingua máis usual, aínda que tamén o é o castelán (para nos comunicar con Latinoamérica).

Mais, tendo en conta a internacionalidade que se deriva da relación co portugués, a lingua galega presenta unha importante dimensión internacional no ámbito da lusofonía.

